

INFORME DE INTERVENCIÓN

Número	98/2017
ASUNTO	DE AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, DA REGRA DE GASTO E DO LÍMITE DE DÉBEDA CON MOTIVO DA APROBACIÓN DO ORZAMENTO XERAL PARA O ANO 2017

Margarita Fernández Sobrino, funcionaria da Administración Local con habilitación de carácter estatal, como Interventora do Concello de Ames, en cumprimento do artigo 16 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento da lei de estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás Entidades locais, así como do disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, informa o seguinte en relación co cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria do orzamento do 2017 e do límite de débeda:

1. NORMATIVA REGULADORA DO PRINCIPIO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA NO SECTOR PÚBLICO LOCAL, de cálculo da regra de gasto e das obrigacións de subministración de información.

- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF).
- Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás Entidades locais (Regulamento).
- Orde Ministerial HAP/2015/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na LOEPSF (OM)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, (TRLRHL) que aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación ao principio de Estabilidade Orzamentaria (artigos 54.7 e 146.1).
- Manual de cálculo do Déficit en Contabilidade Nacional adaptado ás Corporacións Locais, publicado pola Intervención Xeral da Administración do Estado, Ministerio de Economía e Facenda.
- Guía para a determinación da Regra de Gasto do artigo 12 da LOEPSF para corporacións locais, 3ª edición. IGAE (novembro de 2014).
- Regulamento nº 549/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio (DOCE. 26-06-2013), que aproba o SEC 2010
- Manual do SEC 95 sobre o Déficit Público e a Débeda Pública, publicado por Eurostat.
- Regulamento 2223/1996 do Consello da Unión Europea.
- Regulamento 2516/2000, do Consello da Unión Europea

2. CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE

O artigo 11.4 LOEPSF establece que as Corporacións Locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario. E así, o Consello de Ministros en data 2 de decembro de 2016, establece como obxectivo de estabilidade orzamentaria para as Corporacións locais no trienio 2017-2019 o equilibrio. A estabilidade

INFORME DE INTERVENCIÓN

orxamentaria implica que os recursos correntes e de capital non financeiros deben ser suficientes para facer fronte aos gastos correntes e de capital non financeiros. A capacidade investidora municipal virá determinada polos recursos de capital non financeiros, e os recursos correntes non empregados nos gastos correntes (aforro bruto).

O cálculo da capacidade/necesidade de financiamento nos entes sometidos a orzamento obtense, segundo o manual do IGAE e como o interpreta a Subdirección Xeral de Relacións Financeiras coas Entidades locais, por diferenza entre os importes orzados nos capítulos 1 a 7 dos estados de ingresos e os capítulos 1 a 7 do estado de gastos, previa aplicación dos axustes relativos á valoración, imputación temporal, exclusión ou inclusión dos ingresos e gastos non financeiros.

Para os entes non sometidos a réxime orxamentario considérase desequilibrio cando, de acordo cos criterios do plan de contabilidade que lles resulte aplicable, dos seus estados provisionais se deduza que incorren en perdas cuxo saneamento requira a dotación de recursos non previstos no escenario de estabilidade da entidade das do apartado anterior á que lle toque achegalos, e deberán ser obxecto dun informe individualizado.

2.1. ENTIDADES QUE COMPOÑEN O ORZAMENTO XERAL E DELIMITACIÓN SECTORIAL DE ACORDO CO SISTEMA EUROPEO DE CONTAS NACIONAIS E REXIONAIS.

A. Axentes que constitúen a Administración Local, segundo establece o artigo 2.1 da Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orxamentaria e Sustentabilidade Financeira (“Corporacións Locais” en Contabilidade Nacional):

- Entidad local Concello de Ames.
- Organismos Autónomos: Non existen
- Entes públicos dependentes que presten servizos ou produzan bens que non se financian maioritariamente con ingresos comerciais: Non existen

B. Resto de unidades, sociedades e entes dependentes das Entidades locais en virtude do artigo 2.2 da LOEPSF, entendendo o concepto ingreso comercial nos termos do sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC2010).

- Sociedade mercantil : Non existen

INFORME DE INTERVENCIÓN

DESCRIPCIÓN DOS INGRESOS E GASTOS DE CONTABILIDADE NACIONAL, A SÚA EQUIVALENCIA EN TERMOS DE ORZAMENTOS, E EXPLICACIÓN DOS AXUSTES.

(Para a realización dos axustes tívoise en conta o Manual de cálculo do Déficit en Contabilidade Nacional adaptado ás Corporacións Locais, publicado polo IGAE, e o formulario F.1.1.B1.do documento elaborado pola Subdirección Xeral de relacións financeiras coas Entidades locais)

Con carácter xeral, a totalidade dos ingresos e gastos non financeiros orzamentarios, sen prexuízo da súa reclasificación en termos de partidas contabilidade nacional, corresponden á totalidade dos empregos e recursos que se computan na obtención da capacidade/necesidade de financiamento do subsector Corporacións Locais das Administracións Públicas da Contabilidade Nacional. As diferenzas veñen determinadas polos axustes que se describen nos apartados seguintes deste informe.

A) INGRESOS:

Axustes a realizar

1. Capítulos 1, 2 e 3 do Estado de Ingresos.

A capacidade/necesidade de financiamento das administracións públicas non pode verse afectada os importes de impostos e cotizacións sociais cuxa recadación sexa incerta, por tanto interprétase que, como para elaborar o orzamento utilízanse como referencia os dereitos recoñecidos e non os recadados en exercicios anteriores, procede facer o axuste que se describe despois sobre os ingresos dos capítulos 1 a 3.

AXUSTE: Aplicarase o criterio de caixa, (ingresos recadados durante o exercicio, de exercicios corrente e pechados de cada capítulo), tomando os datos da última liquidación aprobada (ou da media do últimas tres liquidacións).

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	% RECAUDACIÓN CORRIENTES+CERRADOS SOBRE DRN			MEDIA	% AXUSTE ESTABILIDADE 2017	OBSERVACIÓNS
		2014	2015	2016			
1	IMPOSTOS DIRECTOS	105,89	102,81	102,08	103,59	3,59	Non se recolle por prudencia axuste á alza xa que en anteriores exercicios tanto o incremento de tipos impositivos

INFORME DE INTERVENCIÓN

							como a procedemento de regularización catastral puideron desvirtuar as medias. Neste exercicio 2017 a situación tende a normalizarse unicamente se estima unha porcentaxe de ingresos procedentes da regularización catastral iniciada en 2017. Polo que se aplica xa nas previsións iniciais o criterio de caixa e non procede realizar axuste
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	-33,12	93,90	96,21	52,33	-47,66	Neste caso tómase como referencia os últimos dous exercicios (2015/2016) xa que 2014 desvirtúa a media ao verse afectado pola crise urbanística.
3	TAXAS,PREZ.PÚBL.E OUT.ING	120,43	134,52	98,56	117,84	17,84	Tanto nos exercicios 2014 como en 2015 a aplicación ao exercicio de ingresos derivados fundamentalmente da taxa pola recollida de lixo fai que se desvirtúen as medias polo que se opta por tomar como referencia o exercicio 2016

Capítulo 4:

Ingresos por participación en ingresos do Estado ou tributos cedidos, segundo o réxime da Entidade.

INFORME DE INTERVENCIÓN

Outro axuste que cabe realizar nesta fase de presupuestación constitúeo o importe que debe reintegrarse durante 2017 ao Estado en concepto de devolución das liquidacións negativas correspondente aos exercicios 2008, 2009, 2011 e 2013 polo concepto de Participación nos Tributos do Estado, que opera sumándoo ás previsións de ingreso por este concepto en 2017, considerando que o Estado realiza un axuste negativo. Concretamente no caso do Concello de Ames non procede realizar axuste algún por non atoparse pendente a devolución das liquidacións definitivas da Participación en Tributos do Estado.

Capítulo 5 de Ingresos.

AXUSTE: Os intereses rexístranse segundo o criterio do devehño. Non se realiza axuste.

Outros axustes en ingresos:

Axuste por devolucóns de ingresos pendentes de aplicar a orzamento

De acordo coa vixente Instrución de contabilidade, o reflexo orzamentario das devolucóns de ingreso aprobadas só se produce cando se fan efectivas, polo que, polo importe do saldo das devolucóns aprobadas efectuarase un axuste minorando os ingresos correspondentes. No caso de fraccionamentos ou adiantamentos, no exercicio no que se aproban corresponde un axuste negativo por menores ingresos, e nos exercicios nos que se devuelve un axuste positivo. Neste caso realizase un axuste por importe de 3.000€ negativo estimando as devolucións pendentes de pago a 31.12.2017.

B) GASTOS

Axustes a realizar

Axuste por grao de execución do gasto:

A "Guía para a Determinación da Regra de Gasto (3ª edición)" establece que "o cálculo do gasto computable cando se parte do proxecto de orzamento ou do orzamento inicial, realizarase un axuste por grao de execución do gasto que reducirá ou aumentará os empregos non financeiros. Este axuste estimarase por cada Entidade local en función da experiencia acumulada de anos anteriores sobre as diferenzas entre as previsións orzamentarias e a execución real.

INFORME DE INTERVENCIÓN

Si se toma a media do tres últimos exercicios, considerando a execución dos créditos iniciais, descontando os gastos financeiros non agregables e os considerados valores atípicos, resulta a porcentaxe de execución de gastos non financeiros co detalle que se especifica a continuación, que aplicado ás previsións do orzamento de 2017 arroxa o importe de inexecución de 1.649.695,39 aumentar os empregos non financeiros.

Segundo o IGAE enténdese por un valor atípico, un valor moi distinto do resto, que fai que a media aritmética non sexa representativa do grupo de valores considerado. A efectos deste axuste, consideraranse valores atípicos aqueles gastos cuxa inclusión desvirtúe a media aritmética, que opera como límite da porcentaxe estimada do grao de execución do Orzamento.

Entre outros, consideraranse valores atípicos, sempre que cumpran co disposto no parágrafo anterior:

- Os gastos de natureza extraordinaria, derivados de situacións de emerxencia, acontecementos catastróficos, indemnizacións abonadas en virtude de sentenzas xudiciais e similares.
- Os gastos financiados con subvencións finalistas, procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas, dado que estes gastos non se inclúen, no cálculo do gasto computable, para a determinación da regra de gasto.
- Os gastos financiados con dereitos procedentes do alleamento de terreos e investimentos reais, recoñecidos no mesmo exercicio, dado que, no cálculo do gasto computable, considérase o investimento neto.
- Os gastos financiados a través do mecanismo extraordinario de pago a provedores.

AJUSTE POR GRADO DE EJECUCIÓN DEL PRESUPUESTO

ANO	CI (CAP 1-7)	OR(CAP 1-7)	OR de Incorporación de remanentes	OR valores anormais o desproporcionados(sentencias, gastos extraordinarios, financiados con fondos finalistas)	Explicación	OR netas (CAP 1-7)	Ejecución (CAP 1-7)	Inejecución(CAP 1-7)
2016	18.755.761,17	19.843.483,08	965.830,86	237.353,62	Sentencia Profica+Atrasos de persoal(sentencias)	18.640.298,60	99,38	0,62
2015	18.755.761,17	18.228.539,70	957.095,63	858.332,40	Atrasos asesoria xurídica+ Pagamento Galíña Azul+Pagamentos Potabilizadora+Gastos de investimentos subvencionados sóamente fase obriga recoñecida	16.413.111,67	87,51	12,49
2014	18.755.761,17	17.608.443,86	485.807,37	473.201,02	Gastos de investimentos subvencionados sóamente fase obriga	16.649.435,47	88,77	11,23

INFORME DE INTERVENCIÓN

	56.267.283,51	55.680.466,64	2.408.733,86	1.568.887,04	recoñecida	51.702.845,74	91,89	8,11
	2017 CI MINORADO OBRIGACIONES FINANCIADAS FONDOS FINALISTAS	AXUSTE	AXUSTE INEXECUCIÓN					
2017	20.336.322,47	8,11%	1.649.695,39					

Axuste sobre o Capítulo 3.

En aplicación do principio de importancia relativa podería considerarse non necesario realizar este axuste dado que se poden chegar a compensar os intereses que se minorasen por vencementos do exercicio n correspondentes a períodos parciais do n-1, cos aumentos polos deveñados parcialmente no ano n, pero que se paguen en n+1. O capital vivo da débeda poderíamos dicir que se mantén estable e os tipos de interese ao longo do n non teñen unha significativa variación, os efectos do axuste compensaríanse entre si.

Axuste sobre o Capítulo 6.

As operacións de leasing implican contabilizar polo principal unha adquisición de activo non financeiro. No caso de do concello de Ames non se rexistrou na contabilidade municipal este tipo de operacións.

Axuste Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao orzamento.

Estes son os gastos recolleitos na conta 413, no seu haber polo importe dos pendentes de aplicar a 31 de decembro e, no seu debe, polos aplicados ao longo do exercicio, procedentes do exercicio anterior. Os primeiros aumentan o déficit en termos de contabilidade nacional, os segundos o minoran, pois xa o incrementaron o ano anterior e neste volven incrementalo mediante a súa aplicación a orzamento, polo que debe compensarse esta dobre imputación aumentando o superávit. Pero este axuste como se describiu é aplicable en fase de liquidación do exercicio. Debe considerarse o disposto no Manual do IGAE de cálculo do déficit, páxinas 89 e seguintes, xa que non se trata só do gasto que se coñece como extraxudicial de crédito, senón tamén daquel que non se pode tramitar administrativamente antes de finalizar o exercicio.

INFORME DE INTERVENCIÓN

Este axuste en termos de presupuestación debería recoller a previsión de saldo entre o gasto que non se poida aplicar a orzamento durante 2017 e o gasto que se imputará a 2017 procedente de 2016 ou exercicios anteriores, que a estas alturas pode determinarse de maneira bastante aproximada, polo que pode ter tanto signo positivo como negativo, aumentar ou diminuír a capacidade de financiamento.

No seu caso deberá considerarse o saldo da conta 555 por pagos pendentes de aplicación, como maior gasto do exercicio.

Neste exercicio realizase un axuste polas obrigas que pendentes de aplicar ao orzamento a 31.12.2016 e que se aplicarán no exercicio 2017.

Nº de Entrada	Fecha	Fecha Dto.	Importe Total	Tercero	Nombre	Texto Explicativo
F/2014/303	03/02/2014	02/01/2014	39,00	A15575574	Atlántica de Infom. e Comun. de Galicia, S.A.	Fra. S14/004, subscripción anual á revista Tempos Novos, biblioteca Bertamiráns.
F/2014/606	26/02/2014	13/01/2014	296,56	B15566797	Automóviles K-7, S.L.	Fra. 140000013, reparación parabrisas vehículo matrícula 2728 BWG, de obras.
F/2014/607	26/02/2014	20/02/2014	274,17	B15566797	Automóviles K-7, S.L.	Fra. 14/0000118, substitución lúa parabrisas do vehículo matrícula 2728 BWG, de obras.
F/2014/2461	03/02/2014	31/12/2013	5.705,21	A08431090	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Rel. 3/14_PEND relación facturas consumo eléctrico data decembro 2013.
F/2014/3510	05/11/2014	29/04/2014	147,62	B15616626	Red Ofisat, S.L.	Fra. 1460404251, servizo de mantemento de caldeiras.
F/2015/4103	28/09/2015	15/09/2015	26,66	B15018179	Exclusivas Rer, S.L.	Fra. CV15/2596, folias (12 uds.) film PVC Renoglas 0.3, para medio ambiente.
F/2016/4989	10/10/2016	07/10/2016	563,86	77595179X	Ramón J. Cordido Rios (La Rayuela)	Fra. A0236 carteis O sono na terceira idade, Encontro intercultural, campaña Faina legal e tarxetas concelleiro M.A.
F/2016/6090	05/12/2016	05/12/2016	500,00	G15719313	Asociación Cultural Follas Novas	Fra. 02/2016 actuación grupo Requinta da Maía no magosto organizado polo alumnado de 6º do CEIP Barouta; 18/11/2016.
F/2016/6128	07/12/2016	28/10/2016	500,00	G70445770	Asociación Cultural Retranqueiros	Fra. 11/2016 actuación musical da asociación Retranqueiros no magosto da ANPA de Ventín, 28/10/2016.
F/2016/6226	14/12/2016	14/12/2016	594,10	44814601K	Ramón Pereiro Mallo	Fra. 31/16 produtos alimentación: verduras. RM comedores escolares. Novembro
F/2016/6342	23/12/2016	30/11/2016	3.532,70	B15241037	Frutas Barreiro, S.L.	Fra. 2816 produtos de alimentación, froitas e verduras servidas na RM comedores escolares. Novembro
F/2016/6345	23/12/2016	23/12/2016	170,86	33276047S	Mª do Carme Freire Cruces	Fra. 62/16 produtos de alimentación, verduras servidas na RM comedores escolares. Decembro
F/2016/6438	31/12/2016	31/12/2016	6.508,33	B15645740	Vehículos Costa S.L.	Fra. Emit-12 servizo de transporte adaptado. Decembro
F/2016/4049	30/08/2016	29/08/2016	18,36	A63222533	Unión Fenosa Distribución,	Fra. P116703000003060, traballos reforzo, adecuación, adaptación

INFORME DE INTERVENCIÓN

					S.A.	ou reforma inst. rede distribución.PX-8/2016.
F/2016/4489	14/09/2016	31/08/2016	1.742,04	A15168156	Espina Obras Hidráulicas, SA	Fra. 378/16 subministro de 20007 m3 de auga dende a ETAP de Ames. Período 23/07-31/08/2016.
F/2016/5084	18/10/2016	04/10/2016	5.127,21	A15168156	Espina Obras Hidráulicas, SA	Fra. 16. 435 subministro de 58885 m3 de auga dende a potabilizadora ETAP de Ames. Setembro.
F/2016/6372	27/12/2016	30/11/2016	712,69	33275758W	Jorge Luis Saez López	Fra. 547 revisión extintores, BIES e sistema detección incendios. CEP Ventín. Ano 2016
F/2016/6373	27/12/2016	30/11/2016	250,47	33275758W	Jorge Luis Saez López	Fra. 548 revisión extintores e BIES. CEIP de BArouta. Ano 2016
F/2016/6374	27/12/2016	30/11/2016	290,40	33275758W	Jorge Luis Saez López	Fra. 549 revisión extintores. Casa do concello. Ano 2016
F/2016/6375	27/12/2016	30/11/2016	326,70	33275758W	Jorge Luis Saez López	Fra. 550 revisión extintores. Nave de obras. Ano 2016
F/2016/6376	27/12/2016	30/11/2016	76,23	33275758W	Jorge Luis Saez López	Fra. 551 revisión extintores. Oficina policía local. Ano 2016
F/2016/6377	27/12/2016	30/11/2016	352,11	33275758W	Jorge Luis Saez López	Fra. 552 revisión extintores. Edificio usus múltiples Aldea Nova. Ano 2016
F/2016/6378	27/12/2016	19/12/2016	206,91	33275758W	Jorge Luis Saez López	Fra. 617 revisión extintores. Edif. anexo á casa da cultura de Bertamiráns. Ano 2016.
F/2016/6379	27/12/2016	19/12/2016	268,62	33275758W	Jorge Luis Saez López	Fra. 618 revisión extintores. Casa da cultura de Bertamiráns. Ano 2016.
F/2016/6430	30/12/2016	20/12/2016	32,67	33275758W	Jorge Luis Saez López	Fra. 635 revisión extintores oficina de urbanismo. Ano 2016.
F/2016/6431	30/12/2016	20/12/2016	21,78	33275758W	Jorge Luis Saez López	Fra. 637 revisión extintores da unidade de pediatría do centro de saúde de Milladoiro. Ano 2016.
F/2016/6432	30/12/2016	20/12/2016	139,15	33275758W	Jorge Luis Saez López	Fra. 636 revisión sistema de detección de incendios da EIM A Madalena. Ano 2016.
F/2016/6433	30/12/2016	20/12/2016	255,31	33275758W	Jorge Luis Saez López	Fra. 638 revisión extintores, BIEs e sistema de detección de incendios. Centro de saúde de Milladoiro. Ano 2016.
F/2016/6434	30/12/2016	20/12/2016	235,95	33275758W	Jorge Luis Saez López	Fra. 639 revisión extintores no polideportivo de Bertamiráns. Ano 2016.
		Total	28.915,67			
		Total	7.877,45		Concello de Brión	Transferencia Brión Programa eficiencia enerxética
		Axuste menor gasto/maior estabilidade de 2017	36.793,12			

2.3. CÁLCULO DA CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIAMENTO DERIVADO DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO PARA 2017

INFORME DE INTERVENCIÓN

En virtude do establecido no artigo 16.2 do Regulamento débese informar o cumprimento do obxectivo de estabilidade do orzamento da propia entidade e dos seus organismos e entidades dependentes, dos do artigo 4.1 do Regulamento, deixando para un informe individualizado o correspondente aos entes do artigo 4.2.

Segundo se aprecia no cadro seguinte, a diferenza entre os importes orzados nos capítulos 1 a 7 dos estados de ingresos e os capítulos 1 a 7 do estado de gastos, previa aplicación dos axustes descritos, arroxa capacidade de financiamento.

Axustes contemplados no Informe de Avaliación, que se teñen aplicado para relacionar o saldo resultante de Ingresos e Gastos do Orzamento ca capacidade ou necesidade de financiamento calculada conforme ás normas do Sistema Europeo de Contas.

Concepto (Previsión de ajuste a aplicar a los importes de ingresos y gastos)	Importe Ajuste a aplicar AL SALDO presupuestario 2017 (+/-)	Observaciones
Ajuste por recaudación ingresos Capitulo 1	-00 €	Según media últimos 3 años
Ajuste por recaudación ingresos Capitulo 2	-9.384,52 €	Según media últimos 3 años
Ajuste por recaudación ingresos Capitulo 3	-83.956,57 €	Según media últimos 3 años
(+)Ajuste por liquidación PTE - 2008		
(+)Ajuste por liquidación PTE - 2009		
(+)Ajuste por liquidación PTE - Outros exercicios		
Intereses		
Diferencias de cambio		
(+/-) Ajuste por grado de ejecución del gasto	1.649.695,39 €	Inejecución explicación valores atípicos
Inversiones realizadas por Cuenta de la Corporación Local (2)		
Ingresos por Ventas de Acciones (privatizaciones)		
Dividendos y Participación en beneficios		
Axustes por gastos pendentes de aplicar ao orzamento (413)	36.793,12 €	Obrigas 413 a 31.12.2016 que se aplicaran a 2017
Axuste por devolución de ingresos	-3.000,00 €	Media últimos 3 años
Ingresos obtenidos del presupuesto de la Union Europea		
Operaciones de permuta financiera (SWAPS)		
Operaciones de reintegro y ejecución de avales		
Aportaciones de Capital		
Asunción y cancelación de deudas		
Gastos realizados en el ejercicio pendientes de aplicar a presupuesto		
Adquisiciones con pago aplazado		

INFORME DE INTERVENCIÓN

Arrendamiento financiero		
Contratos de asociación público privada (APPs)		
Inversiones realizadas por la corporación local por cuenta de otra Administración Pública (3)		
Prestamos		
Otros (1)		
Total de ajustes a Presupuesto de la Entidad	1.590.147,42 €	
Entidad	Ingreso no financiero	Gasto no financiero
11-15-002-AA-000 Ames	22.829.048,43 €	22.599.705,33 €
Ajustes propia Entidad	Ajustes operaciones internas	
1.590.147,42 €	-00 €	
Capacidad/Necesidad Financiación de la Corporación Local	1.819.490,52 €	
LA CORPORACIÓN LOCAL CUMPLE CON EL OBJETIVO DE ESTABILIDAD PRESUPUESTARIA		

3. COMPROBACIÓN CUMPRIMENTO LÍMITE DE GASTO NON FINANCEIRO

O artigo 30 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria esixe tamén ás Entidades locais a mesma obrigación que a Unión Europea vén esixindo ao Estado, isto é, aprobar todos os anos un teito de gasto non financeiro, e verificar que cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa regra do gasto.

Neste sentido establece que as Entidades locais deberán aprobar un límite máximo de gasto non financeiro, coherente cos obxectivos de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, que marcará o teito de asignación de recursos dos seus orzamentos.

Non se establece prazo para a súa aprobación, nin cal é o órgano competente para iso. Podería aprobarse, pola Alcaldía, en virtude da cláusula de competencia residual establecida no artigo 21 da Lei 7/1985, e con anterioridade á aprobación do Orzamento de 2017. Tampouco se establece na Orde Ministerial a obrigación de remisión de información sobre o teito de gasto.

Determinación:

A) Gasto non financeiro coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria

INFORME DE INTERVENCIÓN

Partindo das previsións de ingresos e gastos non financeiros para o Orzamento de 2017, obtemos os seguintes datos:

Capítulos 1 a 7 de Ingresos	22.829.048,43	Capítulos 1 a 7 de Gastos	22.599.705,33
Ajustes SEC ingresos	-96.341,09	Ajustes SEC gastos	-1.686.488,51
Ingresos no financeiros Ajustados	22.732.707,34	Gastos no financeiros Ajustados	20.913.216,82
Superávit/déficit	1.819.490,52		

Para el cálculo del límite de gasto no financiero, que se expresa en términos presupuestarios, añadimos el superávit así calculado a los gastos considerados:

Techo de gasto no financiero en equilibrio:	24.419.195,85
--	----------------------

B) Gasto non financeiro co obxectivo de Regra de Gasto

Pátese da estimación de liquidación do exercicio 2016 calculada con motivo da remisión de información correspondente ao 3er Trimestre de 2016 incrementada no 2,1% para 2017.

	Gasto computable 2016	% de incremento	Limite regla de gasto 2017
Límite de la Regla de Gasto 2017	17.954.916,46	2,10	18.331.969,71

4. CUMPRIMENTO DO LÍMITE DE DÉBEDA

A LOEPSF (art. 13) establece a obrigación de non pasar o límite de débeda pública que para as Entidades locais foi fixado no 2,9 %, 2,8% e 2,7% do PIB respectivamente para os exercicios 2017, 2018 e 2019.

INFORME DE INTERVENCIÓN

Pero non se determinou o PIB para o cálculo en termos de ingresos non financeiros, polo que o informe sobre este extremo redúcese a calcular o nivel de débeda viva segundo o Protocolo do Déficit Excesivo e o nivel de débeda viva formalizada.

Por tanto, esta esixencia legal para as Entidades locais recondúcese a cumprir o réxime legal de endebedamento financeiro aplicable á Administración Local.

VOLUME DE DÉBEDA VIVA S/RECURSOS POR OPERACIÓNS CORRENTES

OPERACIÓNS L/P (a 31/12)	Inicio exercicio.	Remate exercicio
Total	4.273.759,03 €	4.065.936,84 €
Dereitos previstos por operacións correntes (2017)	21.952.802,08 €	21.952.802,08 €
Débeda viva s/recursos por operacións correntes	19,47%	18,52%

Protocolo de déficit excesivo

<http://www.bde.es/webbde/es/estadis/infoest/htmls/cdp.html>

Cálculo volume de débeda viva

<http://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2004-4214>

INDICADORES REFERENCIADOS Á POBOACIÓN MUNICIPAL

Nº de habitantes 01/01/2016 (INE) (*)	30544	
Débeda por habitante (2016)	Inicio exercicio.	Remate exercicio
Bancaria	112,49 €	90,84 €
Total	139,92 €	133,12 €

PRÉSTAMO	DÉBEDA VIVA 31/12/2016	AMORTIZACIÓN (2017)	AMORTIZACIÓN ANTICIPADA (2017)	XUROS (2017)	CARGA FINANCIERA (2017)	DÉBEDA VIVA 31/12/2017
BBVA 9542266327	140.236,13 €	140.236,13 €		8,77 €	140.244,90 €	-00 €
CAIXA GALICIA PRESUPUESTO 2006 70.035-8	700.244,73 €	76.938,06 €		6.607,09 €	83.545,15 €	623.306,67 €

INFORME DE INTERVENCIÓN

BBVA INVESTIMENTOS 2010 9546378474	1.300.489,55 €	148.627,36 €	96.517,92 €	12.024,32 €	257.169,60 €	1.055.344,27 €
BANESTO RDL 004943631230000099	1.235.533,47 €	190.082,04 €		15.471,01 €	205.553,05 €	1.045.451,43 €
BANESTO RDL 004943631230000100	59.241,51 €	8.776,52 €		743,59 €	9.520,11 €	50.464,99 €
Débeda financeira	3.435.745,39 €	564.660,11 €	96.517,92 €	34.854,78 €	696.032,81 €	2.774.567,36 €
PAI 2015	390.664,62 €	-00 €	-00 €	-00 €	390.664,62 €	390.664,62 €
PAI 2016	447.349,02 €	-00 €	-00 €	-00 €	447.349,02 €	447.349,02 €
PAI 2017 POS+	-00 €				453.355,84 €	453.355,84 €
Débeda outras entidades	838.013,64 €	-00 €	-00 €	-00 €	838.013,64 €	1.291.369,48 €
TOTAL	4.273.759,03 €	564.660,11 €	96.517,92 €	34.854,78 €	1.534.046,45 €	4.065.936,84 €

Polo tanto o nivel de endebedamento do concello de Ames sitúase nun 19,47% ao inicio do exercicio e nun 18,52% ao final do exercicio 2017 inferior o límite máximo establecido para o 2017 que é o 110% dos recursos por operacións correntes.

5. CONCLUSIÓN SOBRE O CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E NIVEL DE DÉBEDA.

O Orzamento Xeral do exercicio 2017 cumpre o obxectivo de estabilidade orzamentaria entendido como a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no SEC2010, o obxectivo de débeda pública e da regra de gasto.

6. A EFECTOS INFORMATIVOS VALORACIÓN DE CUMPRIMENTO DA REGRA DE GASTO

O artigo 12 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria esixe tamén ás Entidades locais que a variación de gasto non supere a taxa de referencia de crecemento do PIB, correspondendo ao Ministerio a súa determinación.

INFORME DE INTERVENCIÓN

Para as Corporacións locais cúmprese a Regra do Gasto, se a variación, en termos SEC, do gasto computable de cada Corporación Local, entre dous exercicios económicos, non supera a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto (TRCPIB) de medio prazo da economía española, modificado, no seu caso, no importe dos incrementos permanentes e diminucións de recadación derivados de cambios normativos.

En concreto, o 2 de decembro de 2016, o Goberno aprobou, xunto aos obxectivos de déficit público e de débeda pública para o período 2017-2019, a regra de gasto para os orzamentos do 2015, 2016 e 2017, isto é, 2,1%, 2,3% e 2,5% respectivamente.

Doutra banda, a Orde Ministerial HAP/2105/2012 que desenvolve as obrigacións de subministración de información, modificada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, publicada no BOE o pasado día 8 de novembro, suprimiu respecto ao cumprimento da regra de gasto, o Informe de Intervención antes do 31 de xaneiro de cada ano, de avaliación de cumprimento da regra de gasto coa remisión do orzamento aprobado, e establece que deberá efectuarse unha valoración trimestral da regra de gasto en fase de execución a 31 de decembro (artigo 16.4 da Orde) e unha avaliación final do cumprimento da regra de gasto na liquidación do orzamento (artigo 15.4.e).

Inclúese neste informe unha valoración do seu cálculo para os efectos de ser tomados en consideración na execución do orzamento.

Cálculo do gasto computable

Entenderase por gasto computable para os efectos previstos no apartado anterior, os empregos non financeiros definidos en termos do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, excluídos os intereses da débeda, o gasto non discrecional en prestacións por desemprego, a parte do gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas e as transferencias ás Comunidades Autónomas e ás Corporacións Locais vinculadas aos sistemas de financiamento.

Se a Entidade como é o caso está sometida a Orzamento Limitativo/Contabilidade Pública, o Gasto computable calcúlase como:

(+) Emplegos (gastos) non financeiros, suma dos capítulos 1 a 7 de gastos, excluídos os intereses da débeda.

Pártese das obrigacións recoñecidas en n-1 (se non está liquidado, da estimación de liquidación).

Do Capítulo 3 de gastos financeiros unicamente agregaranse os gastos de emisión, formalización, modificación e cancelación de préstamos, débedas e outras operacións financeiras, así como os gastos por execución de avais. Subconceptos (301, 311, 321, 331 e 357)

INFORME DE INTERVENCIÓN

(+/-) Axustes cálculo Empregos non financeiros segundo o SEC

Para a determinación dos axustes e o seu importe, hase de considerar o punto 1, Cálculo dos empregos non financeiros excluídos intereses para unidades sometidas a un Plan Xeral de Contabilidade Pública, da Guía para a determinación da Regra do Gasto do artigo 12 da Lei 2/2012 Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira para Corporacións Locais.

1. (-) Pagos por transferencias (e outras operacións internas) a outras Entidades que integran a Corporación Local.

Non procede.

(-) A parte de gasto non financeiro do Orzamento financiado con fondos finalistas procedentes de:

Unión Europea, Estado, Comunidade Autónoma, Deputacións e Outras Administracións Públicas. Exclúese no cálculo o importe dos capítulos 4 e 7 de ingresos deducidos os conceptos 420, 450, 470, 480, 720, 770, 780, para determinar os gastos financiados por administracións públicas

(-) Transferencias por fondos dos sistemas de financiamento

Non procede

(-) Deben excluírse as obrigacións recoñecidas que se correspondan con investimentos financieramente sustentables financiadas co superávit da Entidad local.

Non procede

(-) Axuste por grado de execución: Opera igual que en estabilidade.

Sobre o importe resultante aplicarase a taxa de referencia de crecemento do PIB a fixa o ministerio, e para 2017 é o 2,1%.

No 12.4 dise que cando se aproben cambios normativos que supoñan aumentos permanentes da recadación, o nivel de gasto computable resultante da aplicación da regra de gasto nos anos en que se obteñan os aumentos de recadación poderá aumentar na contía equivalente. Non procede no caso de Ames.

INFORME DE INTERVENCIÓN

Información para la aplicación de la regla del Gasto

	Liq. Estimada ejercicio anterior (2016)	Orzamento 2017
Suma de los capítulos 1 a 7 de gastos (2)	19.798.786,74 €	22.554.358,77 €
AJUSTES Calculo empleos no financieros según el SEC	-143.870,28 €	-2.036.488,50 €
(-) Enajenación de terrenos y demás inversiones reales		-70.000,00 €
(+/-) Inversiones realizadas por cuenta de la Corporación Local (6)		
(+/-) Ejecución de Avales		
(+) Aportaciones de capital		
(+/-) Asunción y cancelación de deudas		
(+/-) Gastos realizados en el ejercicio pendientes de aplicar al presupuesto	-143.870,28 €	-36.793,12 €
(+/-) Pagos a socios privados realizados en el marco de las Asociaciones público privadas		
(+/-) Adquisiciones con pago aplazado		
(+/-) Arrendamiento financiero		
(+) Préstamos		
(-) Mecanismo extraordinario de pago proveedores 2012		
(-) Inversiones realizadas por la Corporación local por cuenta de otra Administración Pública (7)		
(+/-) Ajuste por grado de ejecución del gasto		-1.649.695,39 €
(+/-) Otros (Especificar) (5) (Canon Ciclo Integral Auga)		-279.999,99 €
Empleos no financieros terminos SEC excepto intereses de la deuda	19.654.916,46 €	20.517.870,27 €
(-) Pagos por transferencias (y otras operaciones internas) a otras entidades que integran la Corporacion Local (3)		
(-) Gasto financiado con fondos finalistas procedentes de la Unión Europea o de otras Administraciones públicas	-1.700.000,00 €	-2.218.036,30 €
<i>Unión Europea</i>		
<i>Estado</i>		
<i>Comunidad Autonoma</i>	-850.000,00 €	-965.401,80
<i>Diputaciones</i>	-850.000,00 €	-1.252.634,50 €
<i>Otras Administraciones Publicas</i>		
(-) Transferencias por fondos de los sistemas de financiación (4)		
Total de Gasto computable del ejercicio	17.954.916,46 €	18.299.833,97 €
Gasto computable Liquid.2016(1)	Gasto comp * Tasa de referencia (2)	

INFORME DE INTERVENCIÓN

17.954.916,46	18.331.969,71
% incremento gasto computable	2,10%
Aumentos/disminuciones (art. 12.4) Pto.2017(3)	Límite de la Regla Gasto (4)
	18.331.969,71
Gasto computable Pto.2017 (5)	
18.299.833,97	
18.299.833,97	
Diferencia entre el "Límite de la Regla del Gasto" y el "Gasto computable Pto.2017" (4)-(5)	32.135,74 €
LA CORPORACIÓN LOCAL CUMPLE CON EL OBJETIVO DE REGLA DEL GASTO	

Explicación Axustes:

Axustes fondos finalistas			
Aplicación	Descrición	Importe	
45	Convenio xestión servizo comedor escolar	90.780,00	Importes confirmado 62.730 ata xuño 2017, CONVENIO REMATA. Estímanse 28050€ para o novo convenio anualidade 2017
45	Convenio prevención incendios	38.893,62	Importe convenio asinado ata 2018
45	Servizos asistencia social	136.686,96	Estimación liquidación 2016(Psicologo/5 Traballadores sociais/2 educadores/saf básica)
45	SAF dependentes	405.460,00	Estimación máximo contrato (9,70€*41800h)
45	Integración poboación inmigrante	13.452,30	Concesión para 2017
45	Voluntariado xuvenil	4.800,00	Liquidación 2015 e concesión 2016
45	Escolas infantís municipais	84.000,00	Liquidación 2015
45	Actividades culturais e xuvenís	2.834,87	Concesión 2016
45	Información orientación e búsqueda de emprego	23.000,00	Concesión 2016
45	Axente de desenvolvemento local	12.649,86	Concesión 2015
45	Igualdade (apoio) (CIM)	25.201,46	Liquidación 2015
45	SNL	4.349,00	Liquidación 2015
45	Inser Ames Brión X	104.000,00	Para 2017 según concesión 2016
45	Funcionamento Xulgado de Paz	4.293,73	Liquidación 2015

INFORME DE INTERVENCIÓN

45	Aula CEMIT	15.000,00	Concesión 2016
45	Fondo de Compensación ambiental	0,00	Pendente de solicitar bases
	COMUNIDADE AUTÓNOMA	965.401,80	
46	Pos gasto corrente	670.785,34	
46	Subv. Program. circuit. cult	17.602,80	Liquidación 2015
46	Subv. normalizac. lingüís	12.000,00	Concesión 2016
46	Subv. animador cultural	10.000,00	Concesión 2016
46	Subv. animador deportivo	10.000,00	Concesión 2016
46	Socorrismo	6.000,00	Concesións 2016
76	POS + Travesía do Porto	389.408,41	
76	POS + Pavimentación vias Caraubans	32.317,95	
76	PO + Dirección de obras	14.520,00	
76	Subvención GDR Acondicionamento local Biduído	90.000,00	
	DEPUTACIÓN	1.252.634,50	
	AXUSTE FONDOS FINALISTAS	2.218.036,30	
	OUTROS AXUSTES		
1, Venta de inmovilizado	Alleamento parcela Puxeiras (1 parcela), recollido o mesmo importe para compra de terreo para ampliación aparcadoiro IES Milladoiro	70.000,00	Gastos financiados con derechos procedentes de la enajenación de terrenos e inversiones reales, reconocidos en el mismo ejercicio
2, Outros gastos	Canon Contrato Ciclo integral Auga	279.999,99	

Os axuste por grado de execución do gasto e a conta 413

CONCLUSIÓNS:

O orzamento 2017 cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria e límite de débeda.

A interventora

Margarita Fernández Sobrino